



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA
COMPETENCIA E CARITAS DIOCESANA DE MONDOÑEDO-FERROL PARA O
DESENVOLVEMENTO DE TALLERES DE FORMACIÓN NO PROGRAMA CONSUMO
RESPONDE**

En Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, _____, director do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en adiante IGCC), nomeado polo *DECRETO 192/2020, de 20 de novembro* (DOG núm. 236, do 23 de novembro de 2020), actuando en nome e representación do IGCC, en virtude das facultades que lle confire o artigo 13 dos Estatutos do IGCC publicados mediante Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (DOG nº 160 de 25 de agosto de 2016), e o artigo 1 da Resolución de 23 de marzo de 2017 sobre delegación de competencias en diversos órganos deste instituto (DOG nº 74 de 18 de abril de 2017);

E doutra, _____ como directora e representante legal de Cáritas Diocesana de Mondoñedo - Ferrol, domiciliada en Rúa Magdalena 221, Ferrol, con

teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte **convenio de colaboración**, e



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o IGCC é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que o Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividades interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

TERCEIRO.- Que a estratexia de protección ás persoas consumidoras para o período 2020/2025, ten por obxecto acadar un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma enmarcándose na "*Nova Axenda Europea do Consumidor 2020-2025*"; e neste senso, comparte os obxectivos contemplados na mesma e encadrado dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma en materia de protección das persoas consumidoras.

Así, dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contéplase a realización dun plan formativo para colectivos vulnerables e diferentes programas entre os que se atopa o denominado Consumo Responde, que se dirixe, entre outras, a persoas con discapacidade e en situación de pobreza ou exclusión social.



CUARTO. – Que Cáritas diocesana é o organismo oficial da Igrexa nas diocese de Santiago de Compostela para servir á acción caritativa e social, promovendo, coordinando e instrumentando a Comunicación Cristiá de Bens entre as comunidades eclesiais en todas as súas formas, axudando á promoción humana e ao desenvolvemento integral das persoas, grupos e comunidades, colaborando en aquelas accións que teñan este fin.

QUINTO.- Que Cáritas Diocesana de Mondoñedo - Ferrol ten por obxecto a realización da tarefa evanxelizadora da Igrexa mediante a acción caritativa e social na Diocese. Son fins da organización, entre outros, acompañar ás persoas empobrecidas, loitando polos seus dereitos en clave de caridade e xustiza, a promoción humana e o desenvolvemento integral de todas as persoas, especialmente a aquelas máis desfavorecidas e a animación comunitaria.

SEXTO. - Que ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións e fins establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e divulgador a través deste convenio, realizando de forma conxunta actuacións formativas sobre consumo responsable dirixidas especificamente ás persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social, así como ás persoas ou entidades colaboradoras con Cáritas.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo e divulgador en materia de consumo, actuando de forma máis eficaz e eficiente na



utilización dos medios humanos, materiais e organizativos en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, especialmente, dos máis pobres e excluídos.

O fomento da formación e a educación das persoas máis vulnerables a nivel social como persoas consumidoras e usuarias, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable e eficiente nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante. Especialmente, en temas tan importantes como o sobredebedamento e os servizos que cobren necesidades básicas como a luz, o gas, telefonía, ...

O empoderamento das persoas usuarias como persoas consumidoras e usuarias, formando aos seus técnicos, persoal de atención primaria e Entidades Colaboradoras, así como o fomento do coñecemento destes recursos por toda a cidadanía a través das persoas usuarias máis vulnerables.

A promoción das persoas consumidoras e usuarias dunha maneira integral: necesidades básicas, consumo responsable e colaboración social. Prestarase especial atención ás persoas vulnerables:

- Familias
- Persoas maiores
- Persoas con discapacidade

SEGUNDA.- Actuacións formativas

- a) Formación de formadores (entidades e persoas colaboradoras, técnicos e persoal de atención primaria de Cáritas) co obxectivo de difundir as prácticas de consumo responsables entre os distintos colectivos de atención das entidades de Cáritas, mediante a impartición por parte do IGCC de talleres sobre diferentes temáticas de consumo responsable de interese para os colectivos de persoas máis vulnerables, que se impartirían nas modalidades: telepresencial (mediante a propia plataforma de teleformación do IGCC) e/ou presencial (nas instalacións que propoña Cáritas).
- b) Realización de talleres sobre diferentes temáticas de consumo responsable de interese para os colectivos de persoas máis vulnerables,



que se impartirían nas modalidades: telepresencial (mediante a propia plataforma de teleformación do IGCC) e/ou presencial (nas instalacións que propoña Cáritas).

As temáticas a tratar nos talleres serán as acordadas entre ambas as partes de entre as de maior interese, atendendo ao colectivo de persoas ao que van destinadas, como poden ser: os dereitos básicos das persoas consumidoras, os servizos financeiros, os servizos de luz e gas, telefonía...

CUARTA.- Horario

Os talleres realizaranse en horario de mañá e/ou tarde, segundo se acorde con Cáritas e sería unha formación mínima de 3 horas, adaptándoa ás súas entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas usuarias.

Os talleres poden realizarse nunha xornada de 3 horas ou ben en xornadas diferentes dunha hora cada unha, segundo as necesidades de Cáritas.

QUINTA.- Persoas destinatarias

A formación en consumo está destinada a entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas usuarias de Cáritas, non sendo preciso un número mínimo de asistentes para impartir a formación.

SEXTA.- Obrigas do IGCC

O IGCC, en base á súa experiencia e coñecemento das distintas problemáticas que afectan ás persoas consumidoras, deseñará e elaborará os contidos dos talleres e a formación de formadores, incluída a execución da formación, e realizará calquera outra actuación que sexa considerada de interese común para ambas as partes en relación coa actividade obxecto do convenio.



SÉTIMA.- Obrigas de Cáritas

1º.- Difundirá e xestionará os talleres e a formación de formadores que se impartan, así como os talleres destinados a persoas usuarias.

2º.- Inclusión no seu portal Web dos contidos, actividades e recursos, que debe converterse en punto de referencia na aprendizaxe sobre o consumo responsable e eficiente para as persoas máis vulnerables, centros e entidades relacionadas.

3º.- Realizar unha presentación oficial para todas as súas entidades colaboradoras, técnicos, persoal de atención primaria e persoas usuarias.

OITAVA.- Condicións económicas

O presente convenio non supón custo para as partes.

NOVENA.- Coordinación técnica das actuacións

A coordinación técnica dos talleres realizarase a través dun grupo de coordinación composto pola persoa ou persoas que designe Cáritas, e polos correspondentes representantes do IGCC.

No seno deste grupo, poderán decidirse as actuacións que se consideren precisas para potenciar o presente convenio, incluíndo a posibilidade propoñer convenios de ampliación a outras materias de consumo non contempladas no presente documento.

No marco do presente convenio inclúese así mesmo, o intercambio entre as dúas institucións participantes de material divulgativo e publicacións que cada unha delas teña realizado en materia de consumo. Nas publicacións ou documentos divulgativos elaborados en virtude deste convenio constará a identificación, como colaboradoras, de ambas institucións.



DÉCIMA.- Comisión de seguimento

Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio créase unha comisión paritaria de seguimento, formada por dous representantes de cada entidade, sendo presidida por un dos representantes do IGCC.

A comisión deberá reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que llo solicite unha das dúas partes.

Está comisión será competente para resolver os problemas que poidan suscitarse en canto á interpretación e cumprimento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución do convenio

Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordar a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio e noutras leis.

Os efectos da resolución do convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA.- Non existencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que realicen os talleres deste convenio e o IGCC.



DÉCIMO TERCEIRA .- Confidencialidade

As partes deberán respectar fronte a todas as persoas non directamente intervinientes e terceiros en xeral, unha confidencialidade estrita e rigorosa respecto a toda información, documentación e modalidades concretas de implementación de proxectos á que se teña acceso en virtude da execución do Convenio, adoptando as medidas para que o persoal vinculado directa o indirectamente ao seu cumprimento tome as medidas necesarios a tal finalidade.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente convenio, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

DÉCIMO QUINTA.- Publicación de datos

Cáritas consente expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros e portal antes citados ante a Dirección Xeral do Comercio e do Consumo, sita nos Edificios Administrativos, San Caetano s/n, de Santiago de Compostela.



DÉCIMO SEXTA.- Vixencia

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro de 2024. Todo isto sen prexuízo da posibilidade, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto, de que os asinantes do convenio acorden unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as súas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, en lugar e data arriba indicados

O DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DO
CONSUMO E DA COMPETENCIA

A DIRECTORA DE CÁRITAS DIOCESANA
DE MONDOÑEDO - FERROL

